

Recurso nº 29/2018**Resolución nº 27/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por C.B.D., actuando en nome e representación de OXIGEN SALUD, S.A. contra as resolucións de adxudicación dos lotes 6 e 7, do contrato do servizo de “prestación de técnicas de terapia respiratoria a domicilio” do Servizo Galego de Saúde, expediente AB-SER4-17-002, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Servizo Galego de Saúde convocouse a licitación do contrato de servizo de prestación de técnicas de terapia respiratoria a domicilio, cun valor estimado declarado de 88.226.185,88 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE do 15.07.2017, no BOE do 24.07.2017 e no DOG do 2.08.2017. Posteriormente, ampliouse o prazo de presentación de oferta mediante anuncios no DOUE do 2.08.2017, no DOG do 3.08.2017 e no BOE do 8.08.2017.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adelante).

Terceiro.- O 09.05.2018 o órgano de contratación notificoulle á recorrente a resolución da adxudicación dos lotes 6 e 7 da citada contratación.

Cuarto.- En data 31.05.2017 OXIGEN SALUD, S.A. interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación deses lotes 6 e 7, a través sede electrónica da Xunta de Galicia.

Quinto.- Con data 01.06.2018 reclamouse ao Servizo Galego de Saúde, o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 06.06.2018.

Sexto.- Sinalar que, mediante resolución 23/2018, de 11 de xuño, o TACGal resolveu o recurso 24/2018, interposto por Oximesa, S.L., contra a adxudicación desa mesma contratación, respecto dos lotes 3, 6 e 7. A dita resolución foi estimatoria do recurso, acordando a anulación do procedemento de licitación para os referidos lotes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual.

Terceiro.- O recorrente ostenta a condición de licitador e quedou clasificado en terceiro lugar nos procedementos de valoración dos lotes impugnados e solicita a que se lle adxudiquen eses lotes, pola imposibilidade, na súa opinión, de concederllos aos dous primeiros. Por iso está lexitimado ad procesum para interpoñer o recurso especial.

Cuarto.- A resolución impugnada foi notificada ao recorrente o día 9 de maio, polo que o recurso presentado o día 31 de maio foi interposto dentro do prazo de quince días hábiles.

Quinto.- O valor estimado da licitación ascende a 88.226.185,88 euros polo que a actuación impugnada é susceptible deste recurso especial ao abeiro do disposto no art. 44.1.a) e 44.2 c) LCSP.

Sexto.- A recorrente alega que as ofertas económicas das dúas empresas que lle preceden na clasificación desa contratación son inviables e de imposible cumprimento, polo que deberon ser excluídas da licitación e que a única oferta viable, para os lotes 6 e 7, e que pode ser cumprida satisfactoriamente é a presentada pola recorrente, polo que considera que debeu ser a adxudicataria deses lotes.

Sétimo.- Resulta relevante sinalar que o TACGal, con data 11.06.2018, ditou a resolución nº 23/2018, recaída no recurso 24/2018, acordando a súa estimación, con anulación do procedemento de licitación dos lotes 3, 6 e 7 do contrato de servizo de prestación de técnicas de terapia respiratoria a domicilio, do Servizo Galego de Saúde, expediente AB-SER4-17-002.

A anulación da citada licitación para os lotes 6 e 7 deixa sen obxecto o recurso especial interposto por OXIGEN SALUD, S.A, polo que debe inadmitirse o presente recurso pola carencia sobrevida de obxecto.

Seguindo a doutrina contida na Resolución do Tribunal Central de Recursos Administrativos nº 77/2011 (no mesmo sentido, Resolucíons nº 72 e 73/2011):

“La aceptación de que el recurso ha sido interpuesto contra acto inicialmente susceptible de recurso en esta vía no debe evitar que analicemos si en el momento de dictar esta resolución continúa siendo posible la interposición de recurso contra él. En efecto, con carácter previo a esta resolución el Tribunal ha dictado la resolución 063/2011 en el asunto 76/2010, mediante la cual se acuerda la nulidad de todo el procedimiento de adjudicación, y por tanto incluyendo la resolución dictada en el mismo, tramitado en relación con el acuerdo marco objeto del presente recurso, por lo que no es posible resolver sobre el fondo de la cuestión planteada en él habida cuenta de que cualquiera que fuera el sentido de la resolución resultaría imposible cumplirla.”

Con igual cita, as recentes resolucións do Tribunal Central, 197/2018, 304/2018, 196/2018 e 208/2018.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por OXIGEN SALUD, S.A. contra as resolucións de adxudicación dos lotes 6 e 7, do contrato do servizo de “prestación de técnicas de terapia respiratoria a domicilio” do Servizo Galego de Saúde, expediente AB-SER4-17-002, pola carencia sobrevida de obxecto.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.